


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

Curso 2017/2018

R2 DO-0203 P1



Neste informe presentamos os datos acadados en relación coas accións levadas a cabo no PAT do grao en Xeografía e Historia durante o curso 2017-2018.

Comézase cunha aclaración respecto dunha modificación incluída por primeira vez neste curso que pasamos a analizar. En consonancia coa política de simplificación dos procedementos de Calidade co obxectivo de adecualos ás necesidades propias do centro, a Comisión de Calidade (22/06/2017) validou e a Xunta de Facultade (23/06/2017) aprobou que en lugar de un/unha titor/a por estudante, houbera un/unha único/a titor/a por curso, coa condición de que imparta docencia no mesmo. Partindo deste presuposto nomeáronse (21/09/2017) para o actual curso os seguintes docentes: Ladislao Castro Pérez (1º curso), Antonio Presedo Garazo (2º curso), Susana Reboreda Morillo (3º curso) e Julio Prada Rodríguez (4º curso).

Os resultados deste curso son os seguintes:

1. Anexo II

Este anexo só o cubre o estudiantado que se matricula en 1º curso por vez primeira e se lle entrega nas diversas sesións de acollida que o centro realiza, unha antes de que comece o curso e a segunda a finais do mes de outubro, dirixida a aquelas persoas que, por circunstancias diversas, matriculáronse máis tarde. O índice de participación rexistrado foi dun 55%, alcanzando un cifra algo superior á metade, o que resulta satisfactorio dado que ofrécese unha modalidade semipresencial con dificultades de asistir á xornada de acollida. Nesta enquisa recóllense datos de tipo persoal (DNI, enderezo...) e outras circunstancias que se relacionan co aspectos estruturais do grao (motivación, posibilidade de asistencia, organización e tempo de estudo e traxectoria académica previa). Destacamos, por exemplo a posibilidade de asistencia á clase, 18 contestaron que tiñan dispoñibilidade, 6 de forma relativa, 4 que non podían e 1 non contestou; tamén o tempo medio que estiman dedicarlle a estudo diario, a maioría contestan entre 2 ou 3 horas, o que parece unha resposta razoable. Por último entre as

razóns polas que escollen os estudos do grao destaca o interese pola Historia e o coñecemento.

2. Anexo III

De acordo co reparto de titorización xa comentado, realizáronse con cada un dos catros cursos dúas reunións grupais de seguimento o remate do 1º e do 2º cuadrimestre, que consistiron nunha valoración oral sobre a dinámica do curso e os resultados do cuadrimestre. Así mesmo o estudiantado cumprimentou o Anexo III correspondente. No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuadrimestre.

Curso	Reunión 1º cuadrimestre	Reunión 2º cuadrimestre
1º	12	13
2º	1 (co delegado de curso)	8
3º	10	7
4º	3	3

Resultados:

- En relación co curso pasado no que se computaron 24 participantes en reunións de seguimento, apréciase un notable incremento polo que se conclúe que a modificación introducida no PAT, xa comentada, resulta acertada.

-As reunións transcorreron en bo ambiente e o estudiantado comprendeu o sentido da mesma como unha valoración global do cuadrimestre.

-En xeral non se aprecian grandes demandas, aínda que si algunhas de tipo persistente, que en certos casos coinciden cos resultados das enquisas de satisfacción, como por exemplo a reiterada referida á ergonomía dos asentos das aulas, a temperatura das mesmas, insonorización e os enchufes. Outras máis puntuais fan referencia á demanda de melloras na modalidade semipresencial, a horarios e datas de exames.

3. Anexo IV

Número de casos: 11

	Moi boa	Boa	Mala	Moi mala
Item 2.	2	6	2	1

	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Item 3.		7	4	
Item 4.	1	9	1	

	Si	Non
Item 5.	8	3
Item 6.	7	3

Resultados

En xeral o alumnado considera boa as actividades desenvolvidas no PAT, respondendo cun bastantes ao grao de desenvolvemento, como así mesmo a súa utilidade. Tamén a maioría considera que tanto as datas establecidas como o sistema de seguimento foron axeitados.